

PRÁCTICA CIENTÍFICA:

MATERIAIS:

- 1 OVO
- 1 VASO DE CRISTAL
- VINAGRE.

REALIZAMOS O EXPERIMENTO:

Vamos observar que lle pasa a un ovo se o sumerximos en vinagre durante uns días.

1. Con cuidado meten o ovo dentro do vaso e cúbrese con vinagre.



2. Observarán como se van facendo burbullas debido a reacción química entre o vinagre e a cáscara de ovo.



3. Depois de 2 días cando saquedes o ovo veredes que a cáscara desapareceu e o ovo aumentou de tamaño, quedando como unha pelota(elástica).



4. Tamén o poden observar cunha luz, e verán como se fixo transparente, debido a que a cáscara desapareceu quedando só a membrana.



5. Para rematar abrídeo e mirade como quedou por dentro.



Se queredes os nenos/as poden ir rexistrando o experimento:

- Poden facer un debuxo do experimento ou escribir os pasos que seguiron.
- Podedes facer preguntas, tipo:
 - Que sabor ten o vinagre?
 - Como é o ovo? (duro, brando, fráxil..), qué forma ten..
 - Que vai pasar cando o poñamos en vinagre?